12.- APP para dispositivos Android e WearOS, iOS, IpadOS e watchOS (Apple).

Podes acceder ás diferentes ferramentas que esteas a empregar en prográmame tamén desde a APP para smartphones, dispoñible para dispositivos Android e IOS - ipadOS (Apple) incluído o Apple Watch, e reloxos con WearOS nas respectivas tendas (Google play, App Store) – iOS 13 ou superior e Android 7 ou superior.

Desde a App para smartphones poderás:

- Acceder cos mesmos datos de rexistro que tes na aplicación online.
- Desbloquear (acceder) á versión web de forma automática escanando un código de acceso
- Traballar cos diferentes cartafoles que teñas creados ou ós que esteas convidado/a.
- Traballar nas catro etapas dispoñibles para Galicia.
- Visualizar tódalas UDIS-UDS (cos seus correspondentes apartados) que teñas creadas en cada cartafol.
- Visualizar as diferentes semanas do diario de clase.
- Aprazar algunha das sesións do diario de clase de xeito que queden almacenadas nunha nova semana en prográmame.
- Xerar en pdf o perfil de área, competencial, táboa para a programación (agrupada por instrumento ou tipo, o ben sen agrupar) e currículo da área/CC e nivel que desexes de cada cartafol.
- Cambiar o teu avatar de usuario usando a cámara ou galería do dispositivo.
- Ler o código QR dos alumnos/as e acceder directamente á súa ficha.
- Facer anotacións tanto o teclado, como manuscritas nas tablets, nunha axenda que inclúe o calendario escolar de Galicia. Tamén poderás engadir citas con recordatorios de aviso.
- · Facer anotacións manuscritas nun block de notas persoal (con Apple pencil, calquer Stylus ou co dedo)
- Xestionar os teus grupos de alumnos/as:
 - Controlar as faltas de asistencias (sistema sincronizado co calendario online da web) e ter gráficos estatísticos das mesmas.
 - Empregar o anecdotario online directamente desde a APP sincronizándoo co dispoñible na aplicación online da web.
 - Empregar o sistema de anotacións das reunións coas familias/alumnado sincronizándoo co dispoñible na aplicación online da web.
 - Facer anotacións nas diferentes probas que teñas introducidas no caderno do docente para cada alumno desde a aplicación web, sincronizándoas coas existentes na mesma.
 - Cambiar a fotografía de cada alumno/a usando a cámara ou galería do teu dispositivo.

Desde Apple watch e reloxos con WearOS poderás:

- Ver o diario de clase da semana elixida na aplicación do smartphone, amosando sempre o día actual de forma automática, e movéndose á hora en tempo real (se as horas do horario foron indicadas)
- Aprazar un exercicio da semana semana.
- Engadir un novo exercicio na semana "aprazados"
- · Ver a lista de alumnos/as do grupo elixido na aplicación do smartphone
- · Para cada alumno engadir unha anécdota ou reunión, dictándoa ou escribíndoa
- Ver as próximas citas
- Para cada alumno xestionar/visualizar as faltas de asistencia do día.
- Nas accións que permiten dictado úsanse as funcións nativas de AppleWatch e WearOs do reloxo.

Para poder descargala tan só tes que entrar en Google play no teu dispositivo Android ou en App Store no caso de ser un dispositivo IOS (Apple), e buscala como "prográmame-UDIS".

Funcións básicas no Apple Watch / WearOS (con apariencia lixeiramente diferente):



Lembra que o reloxo amosará sempre o contido que teñas elexido na aplicación do Smarrtphone,, se por exemplo queres cambias de cartafol, etapa, grupo ou semana, terás que cambialo na aplicación e poderás visualizado xa no Apple Watch. No caso de ter activada a opción de semana automática, cargará a semana actual con independencia da escollida no teléfono.

A aplicación funciona tanto en modo vertical como horizontal, tanto en smartphones com en tablets, sendo o modo horizontal o máis recomendado para o uso en tabletas pola súa comodidade.





Fai o seguimento desta UDI-UD para o grupo que se teña escollido no apartado grupos, terás que escoller o nivel e poderás elexir entre as listas de control e rúbrica que teñas indicadas na UDI-UD Farás o seguimento para o grupo escollido no menú superior

Engade e actualiza a avaliación docente da UD-UDI: reflexións tra-la posta en práctica e propostas de mellora.

Xera o PDF da UDI-UD premendo este botón, uo ben só a esctructura.... poderás seguir usando a APP e cando estea dispoñible o PDF recibirás un aviso.

Accede ós diferentes elementos da UDI-UD para ver o seu contido.





* Cando aprazas unha actividade/exercicio esta é incluída na semana APRAZADOS DESDE APP, cando moves unha actdividade/exercicio podes decidir a que semana a queres mover, das que xa teñas creadas

| | 16:28 Viernes 31 de enero | infantil | 2019 | -2020 (E11 - E12) | | ent 3 9 100 % | |
|--|--|--|--|---|---|---|--|
| | | do 27 ó 31 de xaneiro de 2020 | | | | Engadir Xerar +3 aprazados | |
| | 09:00 - 09:50 09:50 - 10:40 | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | |
| | | - | - Martinese | - NA CHANGE | | | |
| | | Asamblea e rutinas do encargado - Memorizar poesía paz | Asambiea e rutinas do encargado - Memorizar poesía paz | Asamblea e rutinas do encargado - Memorizar poesía paz | Asamblea e rutinas do encargado Mamorizar poesía paz | Asamblea e rutinas do encargado | |
| | | | vibro sala Marcos | VIDED RAMAI MERCES | VIDED PARALIUPICOS VIDED PARALIUPICOS Video con varios denortar partiminicos con | Levamos un libro da biblioteca para casa (con 6 exercicios) | |
| | | | Visualización dun vídeo con varios deportes paralímpicos, con diálogo posterior | Visualización dun vídeo con varios deportes paralímpicos, con diálogo posterior | | | |
| | | VIDED FAULLIANCOS Visualización dun video con varios deportes paralimpicos, con diálogo posterior | $- \inf_{q \in S} \inf_{a \in O(d)} 2^n 2^n a = 2^n 2^n $ | DICIONARIO: Buscar, recortar e pegar (e de ser o caso imprimir novamente), no diccionario individual, o número de palabras solicitadas. | B ROWING Descubirmos o traballo de fundacións que traballan con persoas con diversidade funcional. [con 5 exercicios] | Huisenhalticidade (Huuld) - Van Ett - Etz | |
| | | | · FAZ CENTRO | | | | |
| | | | | | | 4º PRIMARIA - Continuar carreiras | |
| | | s | diario | - 23 : | arupo | 🖉 axenda | |
| Accede para engadir o anotacións nas proba establecidas no cader prear categorías, prob natemáticas (ver mar caderno docente na v | cualificacións ou s que teñas no do docente, vas, crear fórmulas nual de uso do ersión web) | 7:20 4 | 2019-2 | . 11 २ — 2020 (El1 - El2) } test | Accede últimos conseg | e á lista de faltas no ano (12 s meses), a mesma que se po guir desde a versión web | |
| Poderás ver as marca | idas como favoritas | INF | | Ø.O | | | |
| navegar entre os nive | is áreas e | _ | | | | | |
| rimestres para escollo | er unha en | | | 20 | | | |

no cartafol (con acceso rápido) ou _____ navegar entre os niveis, áreas e trimestres para escoller unha en concreto. Podes marcar ou desmarcar como favorito calquera calquera caderno

favorito calquera calquera caderno docente, para ter un acceso rápido ó mesmo tal como se indicou anteriormente.

Amosa a lista de alumnos do grupo (que podes xestiona desde a aplicación web), escollendo algún deles accédese á súa ficha persoal de traballo.



Xestiona os teus equipos cooperativos de alumnos/as, podes cambiar os nomes dos equipos así como crear un novo ou eliminalo.

No apartado "equipos" da ficha de cada alumno/as poderás indicar en cal deles incluír a cada un.

Engade un novo alumno/a, poderás editar os diferentes elementos da súa ficha desde a versión web en recursoseducativos.net. Poderás indicar un dos grupos existentes ou crear un novo indicándoo no campo correspondente.

UDIS

diario



grupos

Lembra que contas cunha versión web da axenda de anotación en <u>www.recursoseducativos.net</u> > as miñas aplicacións > axenda online. Os datos alí introducidos sincronízanse coa App e viceversa.





Cando se preme sobre "anotacións manuscritas" amósase unha lista coas páxinas dispoñibles.

No caso de páxinas creadas por outro sistema operativo (por exemplo en Android abertas en ios ou viceversa) abrirase un menú con opcións para cambiar de data, visualizalas como imaxe ou borralas

No caso de páxinas do propio sistema podes abrilas para traballar escribindo nelas



Vídeo-titoriais











É importante sempre actualizar a aplicación á última versión dispoñible, activa as actualizacións automáticas ou visita regularmente a App Store ou Google play, segundo o caso, e permanece atento/a ós boletíns de novidades que se envían desde recursoseducativos.

Este manual fai referencia sempre á última versión dispoñible da APP, consulta na app-store ou google-play se existe una actualización dispoñible, se ben deberías ser avisado automaticamente.

Descubre a APP no seguinte vídeo



